

O conselleiro de Cultura compareceu hoxe no Parlamento e reiterou que mantén aberta a súa colaboración para celebrar estes premios en Galicia en vindeiras edicións

PÉREZ VARELA ANUNCIA QUE A APORTACIÓN PREVISTA PARA OS PREMIOS MAX DESTINARASE Á CONSTRUCCIÓN DO MUSEO DE MAN

Santiago, 25 de febreiro de 2003.- O conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Jesús Pérez Varela, manifestou hoxe no Parlamento de Galicia que os máis de 300.000 euros que suporía para o seu departamento o patrocinio dos *Premios Max* destinaranse íntegramente á construción do *Museo de Man* en Camariñas. Pérez Varela tamén reiterou na súa intervención que a Consellería de Cultura mantén abertas as súas vías de colaboración coa SGAE de cara a que estes premios das artes escénicas españolas se celebren en Galicia en vindeiras edicións.

O titular de Cultura do Goberno galego fixo un percorrido polos contactos mantidos polo seu departamento cos representantes da Sociedade General de Autores e Editores de España para que a Comunidade galega acollera a gala de entrega dos *Premios Max* de 2003. Estas entrevistas derivaron na sinatura, o 29 de novembro de 2002, dun protocolo de intencións que sentaba as bases da colaboración entre a Consellería de Cultura e a Sociedade de Autores para a promoción e organización da VI edición dos *Premios Max* en Galicia.

FORMALIZA-LO CONVENIO

Este protocolo recollía nun apartado a necesidade de formaliza-lo correspondente convenio de colaboración entre as dúas partes implicadas antes do 31 de decembro de 2002 no que se concretaran os aspectos que cada parte aportaría para a celebración desta gala.

Pérez Varela explicou que o obxectivo deste patrocinio por parte da Consellería de Cultura era relanzar a toda España a imaxe do Xacobeo 2004, aproveitando que a gala de entrega dos *Premios Max* sería retransmitida en directo para toda España por Televisión Española.

Sen embargo, a catástrofe provocada polo petroleiro *Prestige* obrigou á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, en particular, e ó Goberno galego, en xeral, a reconsiderar todos e cada un dos seus investimentos previstos para

o presente ano, co fin de dar resposta á demanda económica e social dos afectados pola catástrofe.

O conselleiro sinalou que “a evolución dos acontecementos provocados polo *Prestige* motivaron que decidíramos non proceder á sinatura do convenio de colaboración que desenvolvía o protocolo de intencións, tal e como estaba establecido, antes do 31 de decembro de 2002”. “Polo tanto, non se chegou a asinar acordo de colaboración algún coa SGAE, polo que non se rompeu ningún contrato con esta entidade”, matizou.

Segundo indicou Pérez Varela, esta decisión foi notificada verbalmente á SGAE, explicándolles que obedecía ó cambio de estratexia nos investimentos que a Consellería decidiu priorizar para o ano 2003. “Non parecía adecuado adicar unha cantidade superior ós 300.000 euros á promoción do Xacobeo 2004, cando eses cartos podían ser mellor utilizados na recuperación do litoral afectado polo vertido do *Prestige* e para a promoción de Galicia”, indicou.

ACTO DE PRUDENCIA

“Consideramos un acto de prudencia por parte da Consellería de Cultura desvia-lo investimento previsto a un acto que ten gran transcendencia para o mundo do teatro nacional, pero que ten moi pouca repercusión nas necesidades actuais máis urxentes de Galicia, como son a recuperación do seu litoral e conseguir que os centos de milleiros de españois que nos visitan cada ano non cambien de destino co pretexto infundado de que no litoral galego aínda existen restos de chapapote”, explicou o conselleiro.

Así mesmo, anotou que “sería ilóxico destinar ese montante económico a unha gala despois de que milleiros de voluntarios, entre os que se atopan moitos artistas galegos e nacionais, estiveron colaborando desinteresadamente na limpeza do litoral afectado polo *Prestige* e incentivando á xente a solidarizarse con tódolos galegos ante esta catástrofe”.

Jesús Pérez Varela adiantou que a aportación prevista para o patrocinio da gala dos *Premios Max* será destinada na súa integridade á construción e posta en marcha do *Museo de Man* en Camariñas. “Técnicos da Consellería de Cultura percorreron nestas últimas semanas distintos concellos da Costa da Morte e de todo o litoral galego a fin de concretar o destino deste orzamento e decidimos que este diñeiro sirva



PRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL PARA AS RELACIÓNS COS MEDIOS INFORMATIVOS

para a creación dunha infraestrutura cultural que sexa no futuro referente da cultura da Costa da Morte e, ó mesmo tempo, sirva de homenaxe a un home que tanto significou para esta zona”, explicou.

COMPROMISO CO TEATRO

Para rematar, o conselleiro recordou o seu compromiso personal co mundo do teatro galego e sinalou que desde 1990 a Consellería de Cultura multiplicou por tres o orzamento que destina anualmente ó teatro, a música e a danza. Así mesmo, recordou que en 1994 había en Galicia 35 compañías de teatro profesional e 31 compañías de teatro afeccionado, mentres que na actualidade existen 57 compañías profesionais e 47 compañías afeccionadas.

Pérez Varela engadiu que os máis de 300 profesionais do mundo da escena galega actual “teñen un presente brillante e un futuro cheo de esperanzas”. Neste sentido, dixo que o IGAEM promove anualmente máis de mil representacións teatrais, ás que hai que engadir as numerosas series de televisión nas que participan estes actores e as producións audiovisuais que cada ano se realizan en maior número en Galicia ou con presenza de profesionais galegos.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN.